



Urbanismo

* A empresa adxudicataria do Contrato menor servizo estudo previo para a adaptación dos solos rústicos do PXOM do Concello de Boimorto (A Coruña) á Lei 2/2016 do solo de Galicia está xa estudando as solicitudes presentadas polos veciños/as. Infórmannos que entre mediados ou finais do mes de abril teremos xa dispoñible para consulta os informes e mapas preliminares, de xeito que todos/as aqueles/as que presentaron solicitude poderán consultar e ver como se resolveu a súa solicitude.

Envellecemento activo

* Durante o mes de febreiro retomáronse as saídas ao balneario de Brión todos os martes saíndo as 15:00h. do Centro de Maiores as saídas continuarán durante os meses de marzo e abril, agás os festivos e o martes de semana santa. Os requisitos para poder participar: Maiores de 60 anos ou pensionistas de Seguridade Social (en calquera das súas modalidades) ou cónxuxes dos anteditos e estar empadroados no Concello de Boimorto. Para poder anotarse chamar ao Concello (981 51 60 20) temos un máximo de 25 prazas/saída.

Deportes

* Patinaxe: Gala o sábado 16 de marzo en Mesía. Boimorto participará con dous grupos: un grupo de nen@s de 1º a 4º de Primaria formado por 17 integrantes e un de nen@s de 5º e 6º de Primaria e cursos da Secundaria formado por 16 integrantes.

O inicio das primeiras coreografías será ás 17:00h no pavillón de Olas. Os participantes deberán collelo bus ás 16:00 horas no colexio.

Bádminton:

- Terceira xornada o sábado 23 en Arca. A competición comezará ás 10:00 h e rematará ás 13:00 h. O bus sairá do colexio ás 9:15.
- Campionato Zonal en Boimorto o sábado 6 de Abril a partires das 10:00 h no pavillón, clasificatoria para o Cto. Provincial que este ano tamén terá lugar en Boimorto o sábado 4 de Maio. Clasificaranse para esta fase os 4 primeir@s de cada categoría do Zonal.

Servizos Sociais

***Pensións non contributivas:** Antes do 1 de abril debese remitir a revisión anual das pensións non contributivas.

***Programa de Termalismo Social (IMSERSO):** Está aberto o prazo de solicitude de praza de Termalismo Social do IMSERSO para os meses de **setembro a decembro:** Deberase **solicitar antes do 11 de maio de 2019.** Tramitaranse as solicitudes nos Servizos Sociais (981 51 60 75).

* ACTIVIDADE DE FORMACIÓN BÁSICA PARA MULLERES

Dirixido: a mulleres do Concello de Boimorto procedentes doutras culturas que precisen iniciarse en habilidades básicas de lectura, escritura, cálculo básico, cultura en xeral...

Lugar: Centro Social Municipal de Maiores. Horario: luns e venres de 9:30 h a 10:20 h

Información e inscrición: servizos sociais do concello. Tfno: 981516075.

* PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

Determinación dos prazos de renovación e nova inscrición de matrícula no PAI do Concello de Boimorto para o curso 2019-2020:

Prazo para a renovación de matrículas dende o 12 de marzo ao 12 de abril (ámbolos dous incluídos).

Prazo para as novas inscricións dende o 12 de abril ao 21 de xuño (ámbolos dous incluídos).

Información e inscrición: Previa cita nos servizos sociais do concello. Tfno: 981516075.

MAGRECO

BOIMORTO 2019
30-31 DE MARZO

* Xa temos no forno unha nova edición da nosa Feira, MAGRECO 2019, este ano contamos cun maior número de expositores de maquinaria que unida a un esforzo dos que xa estaban están a converter MAGRECO nun referente a nivel provincial, a cita na que todos queren estar. Desbrozadoras, remolques, hileradores, tractores, telescópicas,... toda maquinaria que te poidas imaxinar ten cabida en Boimorto.

Contaremos de novo coa poxa de gando frisón e rubia galega, así como cunha mostra de animais de razas autóctonas: cachenas, ovella galega, galiña piñeira,... Para os máis pequenos da familia contaremos cunha zona habilitada no polideportivo con inchables, circuíto de tractores, obradoiros,... Nesta edición o polideportivo verá mellorada a súa oferta de alimentación e artesanía, así como teremos unha nova distribución e un deseño máis atractivo.

Como novidade: destacar a presenza de varias Foodtrucks que achegaran a Boimorto mostras gastronómicas interesantes así como tamén a presenza de xente de aquí, veciños e veciñas da comarca, que virán a vender o excedente agrario do que eles cultivan nunha zona habilitada a tal fin.

Destacar que se vai brindar a posibilidade de manexar un tractor ou procesador forestal grazas a instalación dun simulador de condución así como tamén teremos unha proba de habilidade de manexo dunha mini-retroexcavadora.

Como vedes MAGRECO 2019 ven cheo de sorpresas e novidades centrada en que a experiencia dos visitantes e veciños/as sexa o máis amena e didáctica posible.

